

RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE FEBREIRO DE 2013 DE 2013 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A INSTRUCCIÓN QUE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Co obxecto de racionalizar a tramitación de expedientes e posibilitar o cumprimento do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado, na súa modalidade de prácticas curriculares, da UVIGO, aprobado no Consello de Goberno de data 24 de maio de 2012, e de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOÑO:

1. AXENTES E FUNCIÓNS

A realización de prácticas académicas externas ten como obxecto **facilitar a preparación** para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade. **É competencia da Área de Emprego da Universidade de Vigo (UVIGO), dependente da Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento**, velar para que este obxectivo se leve a cabo.

As prácticas académicas externas realizaranse ao amparo do convenio de cooperación educativa, das súas estipulacións básicas e do contido dos seus anexos e de acordo co establecido no Real Decreto 1707/2011 de 18 de novembro (Anexo II), polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario. Así mesmo, as prácticas académicas externas rexeranse polo previsto no Regulamento de prácticas académicas externas da UVIGO aprobado no Consello de goberno do 24 de maio de 2012 (Anexo III).

As prácticas poderán realizarse en empresas/entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade (Anexo VI-Instrución Xerencia), segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan a súa finalidade formativa segundo o estatuto do (a) estudante universitario (a), aprobado polo RD 1791/2010, do 30 de decembro.

a) Vicerreitorías

Vicerreitorías que participan na xestión de prácticas e funcións dos mesmos:

Campus de Vigo	- Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento
	- Vicerreitoría de Relacións Internacionais
Campus de Pontevedra	- Vicerreitoría do campus de Pontevedra
Campus de Ourense	- Vicerreitoría do campus de Ourense

As Vicerreitorías dos campus de Ourense e Pontevedra teñen delegada a sinatura de convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas da UVIGO. Os restantes convenios serán asinados polo Reitor da UVIGO, que serán promovidos desde a Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento.

A Vicerreitoría de Relacións Internacionais asesorará aos centros en materia de prácticas no estranxeiro. Asemade, encargarse da xestión das convocatorias de bolsas correspondentes aos programas internacionais de prácticas, e coordinarase cos centros para facilitar a xestión das prácticas asociadas a ditas bolsas.



